

## Convocatoria da Sesión Ordinaria do Pleno Municipal para o 28 de xaneiro de 2019 (PLENO 1/2019)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía por Decreto nº 179/2019 de 23 de xaneiro, e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión ordinaria do Pleno** que terá lugar no Salón de sesións da Casa do Concello o **día 28 de xaneiro de 2019 ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Asi mesmo infórmase que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícase que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

**Sesión de:** Pleno  
**Convocatoria:** Sesión 1/2019

**Data da sesión:** 28-01-2019  
**Hora:** 20:30 h.

### 1.- Acta da sesión anterior (17/12/2018). Aprobación.

2.- **Convenio tipo para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixilantes municipais. Delegación de competencias. (CONV 03/2018). Modificación. Aprobación. (CIFECRIC de 22 de xaneiro).**

3.- **Convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de A Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso, para regular o proxecto “Río Anllóns”. (CONV. 02/2019). Aprobación. (CIBPS de 22 de xaneiro).**

4.- **Modificación puntual nº 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Carballo en solo urbano. Aprobación inicial. (CIPUM de 22 de xaneiro de 2019).**

5.- **Modificación puntual nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Carballo en solo de núcleo rural e solo rústico. Aprobación inicial. (CIPUM de 22 de xaneiro de 2019).**

6.- **Moción do grupo municipal de TEGA, rexistro de entrada nº 381/2019 do 16 de xaneiro, reiterando que se cumpla a accesibilidade no edificio nº 2 da rúa Eduardo Blanco Amor, tras a solicitude de informes técnico e xurídico externos por parte do grupo municipal de TEGA. (CIPUM de 22 de xaneiro de 2019).**

### 7.- Seguimento de órganos de goberno:

- 7.1.- Resolucións da Alcaldía.
- 7.2.- Acordos da Xunta de Goberno Local
- 7.3.- Rogos e preguntas

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, no seu caso, sírvase asinar a presente.

Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

O Secretario  
D. José Villán Fuertes